



## **Informe económico – financeiro.**

### **A) Lexislación aplicable:**

- Artigos correspondentes á Constitución Española.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.
- Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.
- Artigos correspondentes á Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016.
- Real Decreto Legislativo 781/1986 de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Artigos 162 a 171 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo pola que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Artigos 2 a 23 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, polo que se desenvolve el Capítulo Primeiro do Título Sexto da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais.



- Orde 3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, modificada pola Orde 419/2014, de 14 de marzo.
- Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a instrucción do modelo normal de contabilidade local.
- Bases de Execución de Orzamentos do Concello de Redondela.
- Acordos reguladores dos empregados do Concello.

### **B) Documentación que incorpora o expediente:**

Seguindo o establecido nos artigos 165 e 168 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, polo que se desenvolve el Capítulo Primeiro do Título Sexto da Lei Reguladora das Facendas Locais o expediente a informar deberá estar constituído polos seguintes documentos:

- Memoria.
- Bases de execución.
- Estado da liquidación do orzamento correspondente o exercicio 2014 e avance da liquidación do ano 2015. (O avance de liquidación realizase a data 30/09/2015)
- Estado de ingresos.
- Estado de gastos.
- Estado de Previsión de Gastos e Ingresos da Sociedade Radio Redondela, S.L.
- Anexo de Persoal da Entidade.
- Anexo de Investimentos.



- Informe económico-financieiro
- Estado de consolidación do Orzamento do Concello co Estado de Previsión de Gastos e Ingresos da Sociedade Radio Redondela, S.L.
- Estado da situación e movementos da débeda municipal.

### C) Informe económico-financieiro:

Primeira: o proxecto de orzamento do Concello de Redondela presenta as seguintes cifras:

Orzamento de gastos: **17.503.389,06 euros**

Orzamento de ingresos: **17.503.389,06 euros**

O Orzamento presentase nivelado, cumprindo así o establecido no apartado 4 do artigo 165 do Real decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Segunda: Na **estimación dos ingresos considerouse polos órganos responsables da xestión municipal** os seguintes criterios ou factores, os cales trasládanse neste informe:

- Para o cálculo das previsións de ingresos do IBI tívose en conta os datos de exercicios anteriores. Hai un incremento no importe previsto do IBI, que pasa a ser de 7.171.923,58 €. Este maior importe débese as maiores altas que o goberno municipal espera levar a cabo durante o exercicio 2016, que compense a baixada que vai supor a nova doutrina do Tribunal Supremo que establece que aqueles terreos urbanizables que non teñan unha ordenación detallada e contan con infraestructuras de saneamento, electricidade ou auga que ata agora tributaban coma urbanos pasarán a tributar coma rústicos. Tamén debe lembrarse que se espera un aumento de ingresos debido ó procedemento de regularización catastral operado pola Lei 16/12 de 27 de decembro, pola que se adoptan diversas medidas tributarias dirixidas á consolidación das finanzas públicas e ó impulso da actividade económica, pero tampouco se coñece dita cantidade.

- Para o cálculo do IVTM, baixouse en 50.000 € as previsións do ano 2014, (exercicio prorrogado para o 2015). Non obstante a cuantía que se prevé no orzamento do ano 2016 é superior os dereitos recoñecidos netos obtidos no ano 2015, que ascenden a 1.540.417,76 €, Para o seu cálculo tívose en conta o previsible aumento de altas, motivado pola previsión de incremento de vendas de coches.



- Para o cálculo do ICIO tívoise en conta a realidade actual e a continuación do control na inspección urbanística e tributaria respecto a este imposto. Non obstante a estimación dos dereitos segue sendo maior ó importe dos dereitos recoñecidos.

- No cálculo do Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana tívoise en conta a aplicación da Ordenanza que permite un mellor control dos ingresos que se poidan producir. Hai que destacar a dificultade para o cálculo deste imposto, xa que ó non tratarse dun imposto por padrón fai moi complicado o seu cálculo, xa que non se pode saber cantas transmisións vanse realizar ó longo do ano.

No ano 2015 os dereitos recoñecidos netos neste concepto, ata a data que se suscribe o informe, ascenderon a 606.137,23 €, e as previsións que se recollen no orzamento que se está a aprobar son de 624.100,23 €. Hai que destacar que as últimas anotacións contables que están contabilizadas son do 03/12/2015, polo que falta por contabilizar as liquidacións correspondentes o mes de decembro.

- Polo que se refire ó caso das Taxas e Prezos Públicos tívoise en conta o aumento previsto na recadación que deberá seguir nesa senda debido ó traballo dos servizos de rendas e tesourería do Concello, e a existencia dun plan que o Goberno quere levar a cabo na procura da mellora do proceso de xestión dos tributos.

As diferencias da previsión de ingresos das taxas e dos prezos públicos con respecto ó último orzamento aprobado ascenden a 91.564,38 €.

- En canto ás achegas de subvencións da comunidade autónoma recóllense as que o Concello ten acreditada a súa concesión ou ben véñense repetindo ó longo destes anos, ou ben existe información sobre as mesmas.

Respecto as previsións das achegas incondicionadas doutras administracións territoriais coma a Participación nos tributos do Estado e o Fondo de Cooperación Local, cabe indicar que no caso deste último as previsións contidas no Orzamento coinciden coas das dous últimos anos.

- No caso dos Ingresos Patrimoniais, optouse por recoller practicamente como previsións, os dereitos recoñecidos no ano 2015, ata o 16 de decembro de 2015.

- Nas transferencias de capital optouse por recoller unicamente as que corresponden o Plan de Obras e Servizos 2016 da deputación.

Terceira: polo que respecta **ós gastos e en función do establecido polos xestores dos mesmos** e cuxo principal criterio foi o da austeridade, cabe destacar o



seguinte:

- En canto ó persoal seguiuuse o establecido na Lei 48/2015, que recolle o incremento das retribucións do persoal funcionario en un 1 % . A mesma subida aplícase para o persoal laboral do Concello. Recóllese tamén o importe correspondente á metade da parte da paga extra do ano 2012 que resta por satisfacer ós empregados do Concello

- Nos créditos en gasto corrente que recollen a realización dos servizos municipais, observase un aumento de aproximadamente 518.747,46 €, con respecto ó último orzamento aprobado (ano 2014). Con este gastos trátase de dar cobertura orzamentaria as obrigas económicas derivadas da prestación dos servizos polos respectivos adxudicatarios, así como no seu caso, as obrigas derivadas das eventuais revisións de prezos.

- Os Investimentos reais previstos relaciónanse no Anexo de Investimentos

- Recóllese a posibilidade de solicitar un préstamo de 600.000 €, que servirá para financiar parte dos investimentos recollidos do Anexo de Inversións.

- Segue recolléndose a existencia dunha cantidade destinada ós orzamentos participativos, sen recoller a súa distribución, recollendo nas bases de execución que será o Pleno o que a determine.

- O orzamento aparece equilibrado.

- Prodúcese tamén a orzamentación das diferentes subvencións a outorgar por este Concello, en función dos criterios marcados polo equipo de goberno.

- Por último, dótanse as aplicacións que van a recoller a amortización da débeda municipal e os xuros que xera a mesma. Para elo dotouse o capítulo que recolle os xuros como se o mesmo fose dun 1,25 %. Mentres, na devolución do capital prestado polas Entidades financeiras, naquel caso en que os préstamos seguen o método italiano (cota variable, amortización constante) orzamentouse polo importe fixo.

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE AO MARXE**

---

**Concello de Redondela**

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894